



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, Carlos Aymerich Cano e Ana Luia Bouza Santiago, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa a un novo caso de discriminación lingüística producido na cafetería do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Estranxeira na súa propia Patria. Esta locución rosaliana debeu definir a sensación padecida por unha moza na cafetería do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, por cometer o “delito” de pedir educadamente, e en galego, un “café con leite”, e recibir como resposta un “habla en castellano!” cunha actitude irrespectuosa, desconsiderada e agresiva, incluíndo o “debate” posterior.

Afortunadamente, e fóra do que ven sendo habitual, a persoa afectada cumprimentou a correspondente folla de reclamación no establecemento e tamén no Instituto Galego de Consumo. Non é frecuente esta actitude de defensa firme dos dereitos lingüísticos. Lamentabelmente en moitas ocasións interiorízanse como normais comportamentos como os apuntados, asumindo como natural a carencia de dereitos lingüísticos.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Ten previsto a Secretaria Xeral de Política Lingüística esclarecer os feitos denunciados?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2009 13:55
Nº Rexistro: 01230
Data envío: 25/05/2009 13:55:53.403

2.^a) Que medidas adoptará nese centro de traballo para garantir que no futuro se respecte o dereito ao uso da lingua galega pola clientela da cafetería do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 25/05/2009 13:55:15

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/05/2009 13:55:20

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/05/2009 13:55:23